

CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS SECUNDARIA (ABRIL E MAIO)

DATA	HORA	LUGAR	CENTRO	GRUPO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO RECOMENDADO
Xoves 24	11:00 h	IES Arcebispo Xelmírez I	IES Pontepedriña	Grupo de teatro do IES Pontepedriña	O soño dunha noite de verán	50 min	ESO
Martes 29	11:00 h	IES Arcebispo Xelmírez I	IES Antón Fraguas	Tantomén	A festa na corte	80 min	ESO
Mércores 30	11:30 h	IES Rosalía de Castro	CPI de Vedra	Aula de teatro do CPI de Vedra	O último canto	60 min	BACHARELATO
Venres 25		IES Arcebispo Xelmírez I	CPPI dos Dices (Rois)	Teatro do Porviro	Grease		ESO
Venres 25	11:30 h	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía de Castro	Rosalía 1	Camelot apestada	45 min	1º e 2º ESO
Martes 29	12:00 h	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía de Castro	Rosalía 2	Árbores que impiden ver o bosque	60 min	BACHARELATO
Luns 28	12:00 h	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía de Castro	Rosalía 3	Non me gustan os ovos fritos	60 min	BACHARELATO
Mércores 30	11:00 h	IES Arcebispo Xelmírez I	IES Arcebispo Xelmírez I	Vai no dentista	Fóra de xogo	50 min	4º de ESO-1º BACHARELATO
Luns 28	11:00 h	IES Arcebispo Xelmírez I	IES Eduardo Pondal	Teatro Único	Déixame en Paz de Matutian Teatro	40 min	4º ESO e BACHARELATO
Venres 2	11:00 h	IES Arcebispo Xelmírez I	IES Eduardo Pondal	Imparables Teatro	Supertot de Josep M. Benet	40 min	ESO
Venres 2	11:30 h	IES Rosalía de Castro	IES de Oroso Siqueiro	Queixo con marmelo	Os vellos non deben namorarse	45 min	ESO

CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS PRIMARIA (ABRIL)

DATA	HORA	LUGAR	CENTRO	GRUPO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO RECOMENDADO
Xoves 24	11:00 h	Facultade de Educación	CEIP López Ferreiro	Máscara do CEIP López Ferreiro	O Tio Miseria	15 min	Primaria
Xoves 24	11:30 h	Facultade de Educación	Colexio San Jorge	Grupo de Teatro do Colexio S. Jorge	H	30-40 min	Primaria
Xoves 24	12:15 h	Facultade de Educación	Centro de Enseñanza Duques de Lugo	As Lupas Pictográficas	Catro esquiniñas de nada	15-20 min	Primaria
Xoves 24	12:45 h	Facultade de Educación	CEIP Lamas de Abade	A aula do fondo	Mamasiña que medo!	30 min	Primaria

O Xurado estará integrado polo alumnado asistente e por profesionais do teatro

SALÓN DE ACTOS DOS INSTITUTOS
ROSALÍA DE CASTRO e XELMÍREZ I; OS DÍAS 24,
25, 28, 29, 30 DE ABRIL e 2 DE MAIO DE 2014


SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE EDUCACIÓN
O DÍA 24 DE ABRIL DE 2014

Organizan:

COORDENADORA DE EQUIPAS DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E O DEPARTAMENTO
DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO



XIX Certame de Teatro Intercentros de Compostela e comarca



AS OBRAS PREMIADAS REPRESENTARÁNSE NO
TEATRO PRINCIPAL
OS DÍAS 12 e 26 DE MAIO DE 2014 ÁS 20 HORAS

PRIMARIA**Centro:** CEIP López Ferreiro**Nome do grupo:** Máscara do CEIP López Ferreiro**Obra:** O Tio Miseria**Sinopse:** Uns labregos galegos chegan ao outro mundo pensando que sería mellor ca este.**Centro:** Colexio San Jorge**Nome do grupo:** Grupo de Teatro do Colexio San Jorge**Obra:** “H”**Sinopse:** A idea inicial é unha historia de alienación e submisión ó tempo de reloxo. Unha chisca ós homes grises de Momo.**Centro:** Centro de Enseñanza C.E.E.P.R. Aspanaes-Duques de Lugo**Nome do grupo:** “As Lupas Pictográficas” do CEE Duques de Lugo**Obra:** “Catro esquiniñas de nada”**Sinopse:** Unha obra sobre a amizade, a diferenza e a exclusión, na que se conta a historia de Cadradiño, personaxe que quere xogar na casa dos seus amigos Redondiños, pero non pode pasar pola porta porque: ja porta é redonda como os seus amigos! “¡Teremos que recortarlle as esquinas!” din os redondiños, “¡Oh, non! - di Cadradiño -

¡Doeríame moito!”. ¿Qué podemos facer? Cadradiño é diferente. Nunca será redondo.

Centro: CEIP Lamas de Abade**Nome do grupo:** A aula do fondo do CEIP Lamas de Abade**Obra:** Mamasíña que medo!**Sinopse:** Celidonia, bruxa profesional, chega a Xalundes, lugar famoso porque nel habita o xigante Xuvenco, gran papón....
Unha obra de medo...para morrer de risa.**SECUNDARIA****Centro:** IES PONTEPEDRIÑA**Nome do grupo:** Grupo de teatro do IES Pontepedriña**Obra:** “O soño dunha noite de verán”**Sinopse:** Unha panda de mozos ven enfrontado o seu amor, coa vontade dos pais. Confundidos saen a dar unha volta por unha fraga na máxica noite de San Xoán. Os espíritos confúndennos e fan que ó fin cada quen remate co seu auténtico amor. Peza chea de alegría e fantasía, rica en subtramas e de personaxes feiteiros.**Centro:** IES Antón Fraguas**Nome do grupo:** Tantometén do IES Antonio Fraguas**Obra:** A festa na corte**Sinopse:** O Rei Viriato III de Fontenebleau amence con ánimo escuro no día do seu aniversario. Teme pola súa vida, teme que unha man asina atente contra a súa real persoa nun día tan destacado. Pero sobre todo, teme que alguén lle estropee a festa. Ansioso polos agasallos que espera recibir, vaise preparar mentres chegan os convidados a tan importante festexo. Pero cando algo pode saír mal...sairá rematadamente mal.**Centro:** C.P.I. DE VEDRA**Nome do grupo:** Aula de teatro do C.P.I. de Vedra**Obra:** “O último canto”**Sinopse:** versión de “os últimos días da humanidade”, de Karl Kraus.**Centro:** CPPI dos Dices (Rois)**Nome do grupo:** Teatro do Porviso do CPI de Rois**Obra:** Grease**Dirección e coreografías:** María Dolores Santos Álvarez.**Sinopse:** Sandy, unha moza australiana, chega a un instituto americano para pasar o seu último curso. Durante o mesmo vivirá moitas expe-

riencias, coñecerá novas amigas, sufrirá desenganos, namorarase ata atopar o seu lugar dentro do grupo de amigos.

Centro: IES Rosalía de Castro**Nome do grupo:** Rosalía 1 do IES Rosalía de Castro**Obra:** Camelot apestada**Sinopse:** Dous libros, dúas historias, dúas lectoras novas, de agora. A súa imaxinación fainas voar e atoparse nunha terceira historia dunha época remota, narrada por un dos protagonistas, Merlín: “Chegamos co noso carro a Camelot para representar unha obra de teatro, pero quixo o destino que canda nós chegase a peste. Aínda ben non entráramos na cidade cando nos vimos sorprendidos por moreas de apestados arrastrándose polas cunetas.**Centro:** IES Rosalía de Castro**Nome do grupo:** Rosalía 2 do IES Rosalía de Castro**Obra:** Árbores que impiden ver o bosque**Sinopse:** Unha guerra sempre destrúe, nunca constrúe. Veremos como unha familia arrastra as feridas producidas pola miseria que herdaron da guerra. Unha decisión errónea nun momento equivocado pode carrexar moito sufrimento. Observaremos imaxes, proxeccións ou pensamentos sobre a

angustia creada pola falsidade e pola cegueira máis absoluta: non querer ver.

Centro: IES Rosalía de Castro**Nome do grupo:** Rosalía 3 do IES Rosalía de Castro**Obra:** Non me gustan os ovos fritos**Sinopse:** Nunhas horas podemos tomar decisións que non tomamos en toda a nosa vida. Dionisio pasa a noite anterior á súa voda nunha pensión. Polo seu cuarto irán desfilando diferentes personaxes que levarán ao protagonista cara un mar de dúbidas no que acabará afogando as súas ilusións. Pero quizais o destino estea escrito e por moito que nos rebelemos o vento empúrranos ao seu antollo.**Centro:** IES Arcebispo Xelmírez I**Nome do grupo:** Vai no dentista do IES Xelmírez I**Obra:** Fóra de xogo**Sinopse:** Sobre o céspede dun campo de fútbol, coma se estiveran xogando o partido das súas vidas, uns rapaces e rapazas van diseccionando e analizando os problemas típicos aos que se enfronta hoxe en día o alumnado dun instituto público.**Centro:** IES Eduardo Pondal**Nome do grupo:** Teatro Único do IES Eduardo Pondal**Obra:** Déixame en Paz de Matutian Teatro**Sinopse:** Déixame en Paz é unha obra de teatro para mozos e mozas, escrita por eles e para eles. O texto presenta a experiencia de tres mozos e dúas mozas, moi diferentes, pero que comparten o sentimento de sentirse rexeitados.**Centro:** IES Eduardo Pondal**Nome do grupo:** Imparables Teatro**Obra:** *Supertot* de Josep M. Benet**Sinopse:** Unha comedia de superheroes, unha parodia para grandes e pequenos sobre o noso potencial segredo e a necesidade de facer xustiza.**Centro:** IES de Oroso Sigueiro**Nome do grupo:** Queixo con marmelo do IES de Sigueiro**Obra:** Os vellos non deben namorarse**Sinopse:** Un vello con cartos namórase dunha rapaza nova, que á súa vez está namorada dun mozo da súa idade. Os pais obrígana a casar para saír da miseria. Morre o vello e a moza laméntase por terlle que gardar loito.